

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2018 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CAMPAMENTOS URBANOS 2018.

Na Sala de Reunións da Casa Consistorial do Excmo. Concello da Estrada, sendo as **13:05 horas**, do día 29 de xuño de 2018, reúnen os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SERVIZO CAMPAMENTOS URBANOS 2018, que son:

PRESIDENTE: Dna. Amalia Goldar Cora, Concelleira Delegada de Servizos Sociais e Benestar.

VOGAIS:

-Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal

-Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora acctal., municipal

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Pola Presidenta da Mesa indícase que o anuncio de licitación foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 8 de xuño de 2018 e que durante o prazo de presentación de plicas soamente presentou oferta a empresa CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES S.L.U. (CIF B36043073).

Seguidamente procédese á apertura do sobre único que contén a documentación administrativa así como a proposición económica e documentación relativa a criterios avaliados mediante fórmulas.

Examinada a documentación administrativa compróbase que presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP.

Seguidamente procédese á apertura do sobre que contén a proposición económica e documentación relativa aos criterios avaliados mediante fórmulas, obténdose o seguinte resultado:

-Comprométese a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de 19.594,00 euros e 1.189,38 euros correspondentes ao IVE, o que fai un total de 20.783,38 euros.

-Oferta un ratio de un monitor por cada dez participantes.

-Que ofrece ampliación do horario: SI. De 7:30 a 15:30 horas.

-Que ofrece oito saídas.

-Que SI ofrece servizo de xantar.

-Comprométese a contar cunhas instalacións adecuadas para o desenvolvemento do campamento no casco urbano da Estrada.

En consecuencia co anterior, en vista de que foi a única empresa presentada e que fai unha oferta para a prestación do servizo que se atopa por debaixo do tipo de licitación, de conformidade coas previsións do prego, a Mesa de contratación acorda requirir á empresa CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES S.L.U., para que, nun prazo máximo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación, aporte:

a) A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 150.1 da LCSP deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 12 e 13 e que declarou posuir mediante a declaración responsable presentada no sobre único.

b) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas artº 108 da LCSP. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

e) Copia da póliza do seguro de responsabilidade civi que se especifica na cláusula 27 dos pregos de cláusulas administrativas particulares e xustificante de pago da devandita póliza.

En caso de presentar inscrición no Rexistro de Licitadores incluírase declaración de que os datos obrantes no mesmo se manteñen en vigor.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado este acto sendo as trece horas trinta minutos do día do seu comezo.

(documento asinado dixitalmente á marxe por todos os compoñentes da Mesa de Contratación)